

Escritores piden que o IES celanovés siga no mosteiro

ourense / la voz | 10/4/2011

A Asociación de Escritores en Lingua Galega, a Plataforma pola defensa do IES de Celanova no mosteiro e o propio instituto da vila celebraron onte unha xornada literaria e reivindicativa para que



o instituto continúe no mosteiro. Entre os escritores que acudiron estaban Enrique Dacosta, Carlos Negro, Ramón Nicolás ou Ramón Caride Ogando ou Baldo Ramos.

A directora dirixiu unhas palabras, o presidente da plataforma, Xoán Carlos Albarte explicoulles o significado do compromiso da defensa do centro educativo onde se atopa. Houbo entrega de libros de cada escritor á biblioteca do centro. Os rapaces interpretaron composicións musicais e no claustro amosouse unha serie de traballos escolares en defensa da lingua galega. Albarte sinalou que o IES de Celanova «é un dos mellores de Galicia. Foi unha xornada de portas abertas para que todos viran o ben que está e non como dixo o conselleiro de Educación, que defende facer un novo instituto porque di que o actual está mal». Albarte engadiu que co acto de onte «vese que a sociedade e o instituto no mosteiro xa son inseparables» e que trasladar o centro educativo «é un acto de crueldade social despojar aos rapaces deste instituto no lugar máis importante da vila». Os rapaces leron textos de autores e houbo un recital entre os bustos de Celso Emilio e Manuel Curros. Para Cesáreo Sánchez, presidente dos escritores, este centro «está ben dotado, é moderno e ben utilizado».